



ACORDO do 12 de decembro de 2024, do tribunal nomeado para a selección de unha praza de titulado/a superior de xestor de proxecto para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria para a xestión do proxecto PROCURE4HEALTH, convocada por resolución do 17 de outubro de 2024 (DOG núm. 208, do 28 de outubro), polo que se aproba a relación provisional de admitidos e excluídos neste proceso

En sesión que tivo lugar o día 11 de decembro de 2024, as persoas designadas membros do tribunal con data 09 de decembro de 2024, segundo o establecido por Resolución do 11 de xaneiro de 2024 pola que se nomea o tribunal de selección de prazas de xestores de proxecto convocadas pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para a xestión de proxectos europeos na Unidade de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria, en base á mencionada convocatoria do 17 de outubro, á vista das solicitudes presentadas e logo da comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos,

ACORDOU:

Aprobar e facer públicas as listaxes de aspirantes admitidos/as e excluídos/as indicando, no caso dos aspirantes excluídos, a causa de exclusión. Ditas listaxes acompañan a esta resolución e publícanse na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (www.acis.sergas.es).

De acordo co disposto na base 6.1. da convocatoria, os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Axencia, para reclamar ou emendar, se é o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Pilar Morgade Saavedra

Presidenta do tribunal



**Relación provisional de aspirantes admitidos ao proceso selectivo para a
provisión mediante contrato laboral temporal de unha praza de titulado/a
superior para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria para a
xestión do proxecto PROCURE4HEALTH**

APELIDOS E NOME			DNI
ALLER	LÓPEZ	ANTÓN	*047Y
BELLO	GARCÍA	MARÍA	*961H
MARTÍNEZ	PÉREZ	IAGO	*890X
NÚÑEZ	CERVIÑO	JOSÉ	*419M
RAMOS	CAMPELO	ANGELITA	*829P
RODRÍGUEZ	SASTRE	LAURA	*944L





Relación provisional de aspirantes excluídos no proceso selectivo para a provisión mediante contrato laboral temporal de unha praza de titulado/a superior para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria para a xestión do proxecto PROCURE4HEALTH

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
GARCÍA GONZÁLEZ, VANESA	*786K	Non cumprir a Base 2.1.3. da convocatoria (non aporta documento xustificativo do nivel de inglés esixido na convocatoria)
GIL REY, ANA MARÍA	*894D	Non cumprir a Base 2.1.3. da convocatoria (para o certificado xustificativo do nivel de inglés presentado pola aspirante esíxese acadar o nivel B2 nas catro destrezas)
LORENZO HERNÁNDEZ, ANTONIO	*215A	Non cumprir a Base 2.1.4. da convocatoria (non presenta documento que acredite o coñecemento do idioma galego)

Documento asinado dixitalmente por:
Pilar Morgade Saavedra (12/12/2024 14:42 CET)
<https://sede.xunta.gal/cve?ldcve=SAOC-6e93fe83-6896-4fd7-a868-ad86db7de30e>

